



**PREVENCIÓN NA
ADMINISTRACIÓN DE
PENTAMIDINA
POR NEBULIZACIÓN**



ÍNDICE DE CONTIDOS

- 1 **OBJECTO**
- 2 **ÁMBITO DE APLICACIÓN**
- 3 **DEFINICIÓN**
- 4 **RESPONSABILIDADES**
- 5 **DESENVOLVEMENTO**
 - 5.1 MATERIAL
 - 5.2 PROCEDIMENTO
 - 5.3 OBSERVACIÓN
- 6 **REGISTROS**
- 7 **BIBLIOGRAFÍA**
- 8 **AUTORES**

FOLLA DE CONTROL DE MODIFICACIÓN

Nº EDICIÓN	APARTADOS MODIFICADOS	DATA DE APROBACIÓN
0		Maio 2014
1		20/06/2022



1 OBXECTO

O obxecto desta procedemento é definir as actuacións que deben realizar os traballadores da área sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza na administración de pentamidina por nebulización.

A pentamidina utilízase no tratamento da neumonía producida por *Pneumocystis carinii*, infección típica en pacientes inmunodeprimidos, incluíndo os infectados polo virus da inmunodeficiencia humana (VIH), ao obxecto de previr calquera accidente ou incidente laboral derivado da administración.

A administración do fármaco nebulizado, pode provocar a exposición laboral aos aerosois de pentamidina, ademais dunha posible exposición a axentes biolóxicos de transmisión aérea como a tuberculose, se o paciente fose portador da infección, debido a alta prevalencia desta enfermidade neste tipo de pacientes.

2 ÁMBITO DE APLICACIÓN

Este procedemento é de aplicación a todos os profesionais da área sanitaria durante a administración de pentamidina inhalada.

3 DEFINICIÓNS

- **Pentamidina:** Fármaco que se utiliza no tratamento da neumonía producida por *Pneumocystis carinii*, infección típica en pacientes inmunodeprimidos, incluíndo os infectados polo virus da inmunodeficiencia humana (VIH).

É un axente antiprotozoal que actúa interferindo coa síntese de ADN (ácido desoxirribonucleico) e ARN (ácido ribonucleico) por unión aos ácidos nucleicos; tamén pode interferir coa transformación do folato. A exposición laboral a aerosois de pentamidina asociouse a distintos síntomas agudos, que inclúen: irritación dos ollos, nariz e garganta, respiración dificultosa, sabor metálico, cefaleas e náuseas. Outros efectos observados sobre a saúde dos traballadores son broncoespasmos e asma. Por esta razón e aínda que non está incluído na guía de medicamentos perigosos do Instituto Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo (INSST), débese tomar unha serie de medidas de prevención na súa administración.

- **Nebulización:** Procedemento médico que consiste na administración dun fármaco por vaporización a través das vías respiratorias, mediante a utilización dun nebulizador.
- **Nebulizador:** Equipo médico que convirte un medicamento líquido en vapor moi fino para que o paciente o inhale a través dunha máscara facial ou boquilla.
- **Accidente de traballo:** Toda lesión corporal que sofre un traballador con ocasión ou a consecuencia do traballo que executa por conta allea.
- **Incidente:** materialización ou concreción dun perigo nun suceso ou sinistro que non provoca danos á saúde pero que noutras circunstancias podería provocalo.
- **Notificación interna de sucesos:** comunicación interna mediante o aplicativo informático XESDA dos incidentes e accidentes derivados do traballo.



4 RESPONSABILIDADES

Xerencia da área sanitaria

- Difundir o presente procedemento entre todos os traballadores dos hospitais da área sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza onde se administre pentamidina por nebulización.

Servizo de Farmacia

- Reconstitución do fármaco en cabina de fluxo laminar vertical e envío as unidades de administración debidamente acondicionado para a súa administración.

Xefes de Servizo/Supervisores das áreas de administración

- Levar a cabo todas as indicacións recollidas neste procedemento e ter a disposición nas unidades de administración os equipos e materiais descritos.
- Comunicar ao servizo de limpeza a finalización do tratamento.
- Rexistro de tódolos incidentes e accidentes que se produzan no aplicativo XESDA.

Profesionais que administren pentamidina por nebulización

- Ter coñecemento do presente procedemento e seguir as recomendacións nel descritas.
- Comunicar aos superiores xerárquicos calquera accidente ou incidente que ocorra no proceso de administración de pentamidina por nebulización.

Unidade de Prevención de Riscos Laborais

- Investigar os accidentes e incidentes que se podan producir durante a administración de pentamidina inhalada e que son notificados no aplicativo XESDA.

5 DESENVOLVEMENTO

5.1 Material

Nebulizador específico para administración de pentamidina con filtro de exhalación.

5.2 Procedemento

5.2.1 Medidas xerais

- Sala/habitación individual
- Formación do persoal implicado na administración



- Información e restrición de accesos
- Nebulizador específico para administración de pentamidina con filtro de exhalación

5.2.2 Medidas específicas para reducir a exposición

Equipos de protección individual

- Respirador FFP3
- Gafas de montura integral
- Bata impermeable
- Luvas

Durante a nebulización

- Todo o persoal que entre na habitación levará os equipos de protección anteriormente descritos.
- Reducir ao mínimo imprescindible o persoal presente.
- Restrición de visitas.

Despois da nebulización

- Restrición de visitas e persoal ata 30 minutos despois da administración e posterior limpeza.
- Se é necesario a entrada na habitación antes de transcorrido devandito período, deberanse utilizar os equipos de protección individual descritos anteriormente.

Limpeza

- Respetar o tempo establecido de restrición de entrada posterior ao tratamento.
- Ademais das pautas de limpeza habituais, realizarase unha limpeza completa de superficies.
- O persoal de limpeza levará os equipos de protección individual descritos anteriormente.

5.3 Observacións

Non poderán entrar na sala/habitación onde se administre pentamidina inhalada, mulleres embarazadas ou en período de lactación.

6 REXISTRO

Se se produce algún accidente ou incidente derivado da administración de pentamidina por nebulización, rexistrarse no aplicativo XESDA (notificación interna, investigación e rexistro dos incidente de danos derivados do traballo).

7 BIBLIOGRAFÍA

- España. Ley 31/1995, de 8 de noviembre de prevención de riscos laborais. Boletín Oficial do Estado, 10 de noviembre de 1995, núm. 269.



- España. Real Decreto 773/1997, de 30 de maio, sobre disposicións mínimas de seguridade e salud relativas á utilización polos traballadores de equipos de protección individual. Boletín oficial do Estado, 12 de xuño de 1997, núm. 140
- Instituto Nacional de Seguridade y Salud en el Trabajo. NTP 541: Exposición laboral a medicamentos administrados en forma de aerosol: pentamidina[internet]. Madrid; 2000. Disponible en: [NTP 541. \(INSST\)](#)
- Instituto Nacional de Seguridad e Higiene en el Trabajo. Medicamentos peligrosos. Medidas de prevención para su preparación y administración [internet]. Madrid; 2016. Disponible en: [Medicamentos peligrosos: medidas de prevención](#)

8 AUTORES

Edición 0 (2014)

- Marta Clara González Iglesias. Técnico Superior de Prevención Riscos Laborais. UPRL (Medicina Preventiva)

Edición 1 (2022)

- Marta Clara González Iglesias. Técnico Superior de Prevención Riscos Laborais. UPRL (Medicina Preventiva)
- Generosa Martínez Rodríguez. Técnico Superior de Prevención Riscos Laborais. UPRL (Medicina Preventiva)
- José Ramón Muñiz Saborido. Técnico Superior de Prevención Riscos Laborais. UPRL (Medicina Preventiva)
- Ana Besteiro Eguía. Técnico Superior de Prevención Riscos Laborais. UPRL (Medicina Preventiva)
- Adrián Maseda Paredes. Técnico Superior de Prevención Riscos Laborais. UPRL (Medicina Preventiva)

9 REVISORES

- Alejandro Monasterio Otero. Supervisor Medicina Preventiva
- Mónica Suárez Berea. FEA Farmacia